



BASES SORTEO “UNHA CHOIVA DE AGASALLOS”

1) OBXECTO

A Asociación de Comerciantes e Empresarios do Calvario, ACECA, desenvolverá do 1 de outubro ao 30 de outubro, ambos inclusive, a promoción “Unha choiva de agasallos”. Esta campaña pretende transmitir aos consumidores un atractivo promocional que incentive a realización de compras no establecementos asociados, ofrecendo a posibilidade de acadar premios por medio das compras realizadas.

2) AMBITO DA PROMOCIÓN

Esta promoción terá o seu ámbito nos establecementos comerciais e demais empresas integradas na Asociación, que decidan participar na mesma de forma voluntaria (imprescindible estar aberto ó publico e en funcionamento durante as datas da promoción).

As bases estarán disponibles no microsite do sorteo.

3) PREMIOS

Os premios directos consistirán en:

- 5 Memorias USB
- 10 Alfombrillas de raton con calculadora
- 10 LIBROS: Calvario, o meu barrio
- 1 Proxector de dibujo Toy Story
- 5 maletins de pintura
- 10 mochilas Calvario Centro Comercial Aberto
- 1 Gafa de sol Vigo Optica
- 10 premios de 10% descuento durante 3 meses en Ximnasio Vicus
- 30 premios de 30 % de descuento en revelados dixitais. Ani Pérez
- 20 PARAGUAS
- 10 mp3
- 5 maletas trolley
- 100 Revisións + limpeza gratuita en Centro dental Höllenback

ACECA reservase o dereito a entregar aos gañadores outro premio de iguais ou similares características, e en ningún caso, se entregará o valor do premio en efectivo.

4) DEREITO A PARTICIPAR E ACCESO A PROMOCIÓN

Trátase dunha promoción dirixida a clientes das empresas asociadas participantes. Pode participar calquera persoa física que realizara algunha compra ou servizo no comercio ou empresa asociada durante o período de vixencia da promoción (do 1 de outubro ao 30 de outubro).

Por cada compra , o cliente recibirá unha tarxeta cun código impreso único e alfanumérico, válido para un só uso, que o consumidor poderá validar calquera día da semana, durante todo o día ata as 14 horas do 30 de outubro de 2011 a través da web www.aceca-vigo.com.

Nese momento rematará a posibilidade de validar os códigos.

O establecemento poderá entregar ata un máximo de 5 códigos por compra, ó seu criterio.

Aquelas persoas que non conten con medios técnicos poderán acudir á sede de ACECA para validar os seus códigos.

Para participar, os usuarios deberán introducir os datos do código único da súa tarxeta.

A continuación, deberán rexistrarse cos seus datos personales:

NOME

APELIDOS

TELEFONO

DATA DE NACEMENTO (OPCIONAL)

E-MAIL

LOCALIDADE

ESTABLECIMENTO NO QUE REALIZARA A COMPRA

IMPORTE DO TICKET DE COMPRA.

Unha vez cumprimentaronse os campos requeridos de xeito correcto, o sistema informará automaticamente si o boleto introducido ten premio ou non.

Os gañadores será publicados na páxina web de ACECA e serán contactados polo promotor dacordo cos datos de rexistro. É imprescindible gardar a tarxeta xunto co ticket ou factura de compra (deberá corresponderse cos días de duración da campaña), ata como mínimo un mes despois de realizar o sorteo posto que solicitaraselle se resulta premiado. Tanto as tarxetas de códigos como os tickets ou facturas deberán coincidir cos datos introducidos e data registrada polo Cliente na participación vía web.

En ningún caso, un mesmo participante poderá obter máis de dous premios.

A presente promoción farase con igualdade de oportunidades e con estricte respecto as normas básicas de boa fe. Por elo, calquera utilización abusiva ou fraudulenta destas Bases dará lugar á conseguinte exclusión do participación na promoción.

Todos os datos introducidos polo participante deberán ser veraces. No suposto de que o participante rexistrárase con datos falsos ou utilizara de xeito inadecuado a tecnoloxía informática para acadar obxectivos fraudulentos, non se terá en conta e quedará excluído da promoción e da posibilidade de optar a premio algún.

A constatación de calquera destas circunstancias suporá a descalificación automática do participante. No caso de constatar as citadas irregularidades con posterioridade á aceptación do premio, ACECA, reservarase o dereito de exercitar, tódalas accións legais que lle asistan os infractores

5) PROCEDEMENTO DO SORTEO.

Códigos con premio directo.

Os códigos con premio directo seleccionárase ao azar entre os 40.000 códigos editados redactándose un acta coa listaxe obtida previamente ao inicio da promoción, listaxe que será unicamente coñecida polos membros de dita comisión executiva non facéndose públicos. Esta listaxe conterá a relación de códigos premiados co seu correspondente premio. A listaxe facilitarase unicamente a empresa que xestiona a promoción por Internet, responsable de introducir os datos seleccionados no programa informático, que asinará un compromiso de confidencialidade.

ACECA reservase o dereito a sortear igualmente aqueles premios que non foran outorgados de xeito directo por non introducirse o código correspondente.

6) ENTREGA E ACEPTACION DOS PREMIOS

ACECA porase en contacto co gañador do sorteo “Unha choiva de agasallos”.

Para entrega dos premios directos adxudicados, unha vez o sistema detecte que o participante obtivo un premio, automaticamente enviaraselle unha mensaxe por email, o enderezo facilitado no rexistro que deberá presentar en ACECA nun prazo de cinco días hábiles. Ningún dos premios, da presente promoción poderá ser obxecto de cambio, alteración, compensación ou cesión a petición dos gañadores.

Os gañadores dos premios directos, deberán recollelos, canxealos, ou disfrutalos nun prazo de un mes dende a data de finalización da promoción (data límite de canxe 30 de novembro de 2011).

ACECA será quen establezca o lugar e data para facer entrega efectiva dos premios, que poderá ser mediante acto público.

7) OUTRAS CONDICIONS DOS PREMIOS.

- En calquera dos casos, os premiados deberán entregar a tarxeta co código premiado e o ticket ou factura de compra, ou servizo correspondente, que cumpra as condicións da promoción e dos datos introducidos na web, no momento da participación, nos prazos establecidos, previamente para a identificación do premiado.
- É imprescindible conservar o ticket ou factura, ACECA poderá denegar a entrega do premio, no caso de que o participante, non o entregue xunto coa tarxeta de código.
- ACECA reservase o dereito a non aceptar tickets ou facturas ilexibles, manipulados, falsos, ou calquera defecto ou anomalía que impidan o seu recoñecemento ou validez de participación nesta promoción.
- ACECA reservase o dereito de denegar a entrega de premio, no caso de que a data do ticket e/ou a hora que consta no mesmo sexa posterior o ingreso do código no sistema que figura na web e en base a cal realizase esta promoción.
- O período de reclamacións ao promotor finaliza en 7 días hábiles transcurridos dende a comunicación ao gañador.

8) LIMITACIONES PARA PARTICIPAR

ACECA reservase o dereito, se concurre causa xusta, e previa comunicación de xeito legal, a efectuar calquer cambio, suspender ou ampliar esta promoción. A simple participación implica a aceptación destas bases na súa totalidade, polo que a manifestación, no sentido da non aceptación das mesmas, implicará a exclusión do participante e como consecuencia, ACECA quedará liberada, do cumprimento da obriga contraída con dito participante.

Así mesmo, os participantes, comprométese a admitir a decisión interpretativa que ACECA poida darlle sobre as presentes bases ou sobre calquera cuestión derivada da promoción contemplada nestas.

O gañador de calquera dos premios non poderá ser o propietario, titular, socio, os seus empregados, cónxuxe nin familiar de primer grao descendente ou ascendente (fillos,pais) do establecemento onde fora a realizada a compra e entregada a tarxeta de código. Dada a imposibilidade material por parte de ACECA de identificar as persoas mencionadas anteriormente, de resultar calquera delas agraciadas, e de coñecer tal circunstancia, excluírase como premiado, aplicándose o mecanismo referente ao suplente.

Así mesmo, se a persoa que figura no boleto gañador fose un menor, poderá representalo os seus pais ou tutor legal.

9) EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADES

ACECA non se responsabiliza do uso que o premio realice o agraciado e non será responsable dos servizos nin produtos que terceiras empresas deban prestar con motivo do premio desta promoción.

ACECA non será responsable se o ticket ou factura de compra é ilexible, incorrecto, está danado, perdeuse, sustraiuse ou calquera outra circunstancia allea o promotor que anule o dereito do gañador a reclamar o premio.

ACECA non será responsable por danos ou prexuízos de calquera natureza que poidan deberse a falta temporal de dispoñibilidade ou continuidade das redes de telecomunicacións ou a web ou microsite mediante o cal participa na promoción.

10) DEREITOS E DEBERES DOS PARTICIPANTES E GAÑADORES.

- Tratamento dos datos de carácter persoal.

A efectos de dar cumprimentos A l.o 15/1999 , do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, ACECA informa que os datos proporcionados por calquera medio polos participantes da promoción na web www.aceca-vigo.com serán incorporados a un ficheiro automatizado responsabilidade da entidade, coa finalidade de xestionar o seu acceso e participación na presente promoción así como poder informarlle por calquera medio sobre produtos, promocións e servizos con fins publicitarios e de prospección comercial, así como, para o uso interno dos mesmos e o envío de comunicacións relativos aos aspectos anteriores.

Así mesmo, o tratamento de datos incluírá realización de perfís, segmentacións e enquisas. ACECA poderá realizar tratamento publicitario e de prospección comercial para facer chegar por calquera medio publicidade tanto de ACECA como dos seus asociados. O consentimento para o tratamento dos datos para as finalidades informadas, entenderase prestado de forma manifesta e inequívoca, mediante a comunicación dos datos a través da participación nas campañas promocionais tanto a través da web como calquera outro soporte físico.

Os participantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, mediante comunicación escrita vía email a gerencia@aceca-vigo.com (pendiente de cambiar por outra conta campañas@comprasconpremio.com) ou enviando o enderezo de San Roque, 109 Interior Local 14 – 36205 Vigo.

ACECA adoptará as medidas técnicas, e organizativas necesarias para garantir a seguridade e integridade dos datos, así como, para evitar a súa alteración , pérdida, tratamento, ou acceso non autorizado.

- Cesión de dereitos de imaxe

Os gañadores de esta promoción autorizan a ACECA a reproducir, utilizar, e difundir, o seus datos de afiliación e imaxe en calquera actividade publicitaria ou/e promocional que este relacionada con esta promoción, todo elo en calquera medio e sen que ditas

actividades lles confira dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases. A cesión inclúe todos os dereitos de reprodución , transformación, distribución e comunicación pública da grabación ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio.

11 ACEPTACION DAS BASES

A participación na presente promoción supón a aceptación integra das presentes bases e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe ACECA. Para verificar esta aceptación ao participante solicitarase a aceptación expresa no momento de validación dos códigos. No caso de diverxencia entre os participantes na promoción e a interpretación das presentes bases por ACECA, serán competentes para coñecer dos litixios que poidan plantexarse os xulgados e tribunais de Vigo, renunciando expresamente os participantes desta promoción o seu propio fuero, de resultar distinto o aquí pactado.

En Vigo, 1 de Setembro de 2011